

Resolución da Secretaría Xeral de Universidades pola que se dispón a emisión da certificación que recolle o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2019.

Pola ORDE do 28 de maio de 2019, convxunta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa de formación posdoutoral nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galicia e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. O anexo II da citada orde está dedicado a regular a modalidade B destas axudas e establece no seu artigo 6 que as persoas contratadas serán sometidas a unha avaliación da actividade investigadora desenvolvida para conceder ou non a acreditación de ter superado con aproveitamento o programa.

De acordo co Decreto 119/2022, de 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, correspondelle á Secretaría Xeral de Universidades contribuír á ordenación e á complementariedade das capacidades investigadoras do SUG, segundo criterios de excelencia e consolidación no ámbito dos obxectivos que establezan os plans do Goberno galego en materia de investigación e innovación.

A Instrucción 3/2022 da Secretaría Xeral de Universidades para iniciar o procedemento de avaliación do rendemento do persoal investigador contratado polas universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG) ao abeiro do programa de apoio á etapa de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2019. A avaliación levouse a cabo por persoas expertas externas ao SUG, coa colaboración da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Unha vez finalizado o proceso e de acordo co informe das persoas expertas, a Secretaría Xeral de Universidades,

RESOLVE:

Comunicar o resultado da avaliación do rendemento do persoal investigador e emitir a certificación correspondente:

Investigadoras e investigadores do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2019			
Univ.	NOME E APELIDOS	DNI.	Avaliación
UVIGO	María Figueiredo González	***6705**	POSITIVA
USC	Nuria Ferreiro Domínguez	***4791**	POSITIVA
USC	Zulema Varela Río	***6749**	POSITIVA
UVIGO	María Salomé Álvarez Álvarez	***0665**	POSITIVA



Investigadoras e investigadores do programa de apoio á etapa inicial de formación posdoutoral, modalidade B, para o ano 2019			
Univ.	NOME E APELIDOS	DNI.	Avaliación
USC	Iván López Moreira	***7673**	POSITIVA
UVIGO	Lucía Díaz Vilariño	***3808**	POSITIVA
USC	María del Mar Sobral Bernal	***3367**	POSITIVA
USC	Elena Lendoiro Belío	***5136**	POSITIVA
USC	Rebeca Blanco Rotea	***2435**	POSITIVA
UVIGO	Ángela Fontan Bouzas	***3132**	POSITIVA
UDC	Javier Veloso Freire	***3678**	POSITIVA
UDC	Haris Nalakath Abubackar	****9360*	POSITIVA

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, cabe interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes que contará a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Santiago de Compostela,
 O secretario xeral de Universidades
 José Alberto Díez de Castro

